



NOTA DE PRENSA (24/05/19)

III Feira Náutica de Camariñas- FENAU CAM 2019

Dende fai varias semanas, a zona de stands comerciais e institucionais xa está cuberta por completo para a III Feira Náutica de Camariñas (FENAU CAM 2019), e onde ademais das empresa e entidades relacionadas co mundo náutico onde contaremos con varias empresas chegadas de Francia, teremos un apartado especial para diversas artesanías e onde tamén estará representado o noso Encaixe de Camariñas.

Na zona de exposicións tamén está todo pechado para a partires do 14 de xuño poder admirar e comprobar xoias en forma de impresionantes maquetas navais procedente da Fundación Exponav así como maquetas de membros da asociación AMONAGA, así como material procedentes de naufragios históricos na Costa da Morte a través da Real Liga Naval Española, ademais de representación de varios museos do Mar (Noia, Laxe) xunto con exposición de pintura "Faros de Galicia" do artista Carlos Ramos Fernández; exposición do arquivo fotográfico Vidal de Laxe, Biblioteca Náutica, e colección de particulares de diverso material que serán de gran interese para todo os visitantes así como os recoñecidos mapas de naufragios de Pepe de Olegario. Tamén será de gran interese poder ollar no stand conxunto de Mar de Fábula e a Cofradía de Pescadores de Camariñas, as maquetas e obras feitas co material recollido nas nosas costas e praias. Dentro dos stands institucionais, destaca tamén a Armada Española que contará cun simulador de navegación para disfrute dos pequenos/as e non tan pequenos.

Dentro da zona de Exposicións, estarán membros do equipo do Xadrez Náutico Camariñas que celebraran partidas abertas cos visitantes e onde estos poden gañar distintos regalos e sumando así tamén a colaboración dos xogadores/as da sección deportiva co evento náutico.

Tamén é de mención o día importante que vivirá a Feira Náutica coa presenza o primeiro día de 300 alumnos/as de colexios e Institutos de Camariñas e Malpica e que terán pola mañan unha programación especial con charlas, visitas guiadas, proxeccións, obradoiros, etc. E incluso si dera tempo visita pola Ría a bordo do veleiro da Escola Náutica da Coruña.

En canto a programación, os visitantes que terán ENTRADA GRATUITA, poderan visitar a lancha de Salvamento e a da Garda Civil así como o veleiro da Escola Náutica da Coruña. O venres terá lugar un importante simulacro coa lancha de Salvamento e o helicóptero da Garda Civil. Haberá charlas, conferencias e mesa redonda ao longo dos tres días de Feira, así como

proxeccións na zona de Conferencias sin olvidarnos de degustacións diarias de Mexillóns de Galicia. Presentacións literarias, homenaxes, entrega de premios, visitas de persoeiros famosos, e actuacións musicais locais e unha actuación musical especial que animará a noite do sábado nas terrazas do Club Náutico.

O domingo tamén haberá ocasión para recordar a Xosé Mosquera Pérez, como gran creador do Halador de Palangre e onde estarán traballadores que estiveron con él así como familiares, servindo de homenaxe a un gran inventor e pouco recoñecido camariñán.

E para esta 3ª edición e coa colaboración de Buceo Malpica, dispoñemos dunha Piscina portátil na zona exterior, para que os máis pequenos/as poidan facer os seus “bautismos de mar”.

A poucas semanas para o inicio do evento, e inda con moito traballo por facer, todo xa está preparado para que nada falle durante a celebración deste importante evento náutico que sitúa a Camariñas como capital náutica da Costa da Morte.

Dpto. Comunicación

Club Náutico de Camariñas